

## ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía número 1292/2023, de data 19 de abril de 2023, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo polo procedemento de concurso de méritos para a contratación dun/ha Capataz do Servizo de Limpeza, en modalidade de contratación de duración determinada por substitución de traballador/a con reserva de posto de traballo debido a incapacidade temporal (posto do Grupo IV do Convenio de Persoal Laboral do Concello de Arteixo, equiparable AP), en quenda de promoción interna, que de seguido se expoñen:

### **CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO POLO PROCEDUREMTO DE CONCURSO DE MÉRITOS PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA CAPATAZ DO SERVIZO DE LIMPEZA EN MODALIDADE DE CONTRATACIÓN DE DURACIÓN DETERMINADA POR SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADOR/A CON RESERVA DE POSTO DE TRABALLO DEBIDO A INCAPACIDADE TEMPORAL (POSTO DO GRUPO IV DO CONVENIO DE PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE ARTEIXO, EQUIPARABLE AP), EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria, a regulación do procedemento selectivo para a contratación dun/ha Capataz do Servizo de Limpeza en modalidade de contratación de duración determinada por substitución de traballador/a con reserva de posto de traballo debido a incapacidade temporal (posto do grupo IV do Convenio de persoal laboral do Concello de Arteixo, equiparable AP), en quenda de promoción interna, e a constitución dunha bolsa de emprego para a cobertura de posibles vacantes temporais no antedito posto, nos supostos de seguido enumerados:

- a) A substitución transitoria do/a seu/súa titular, durante o tempo en que o/a seu/súa titular non preste efectivamente servizo por estar en situación de:  
Incapacidade temporal, incluído o período de tramitación de expediente de incapacidade de ser o caso.  
Maternidade e paternidade, inclusive os permisos correspondentes por adopción e/ou preadopción nacional ou internacional.  
Calquera tipo de excedencia e/ou permisos sen dereitos retributivos, con reserva de posto de traballo do/a titular.  
Así mesmo, acudirase a esta modalidade de cobertura temporal para substitución do/a titular do posto durante períodos de vacacións, excepcionalmente e sempre que o servizo correspondente acredite a imprescindible necesidade de substitución para o que deberá requirirse que o período vacacional sexa superior a 3 semanas consecutivas.
- b) Cobertura de vacante temporal da praza consignada na plantilla orzamentaria do Orzamento en vigor, de conformidade ao establecido polas modalidades contractuais determinadas polo Estatuto dos Traballadores para formalización de contratos temporais e/ou de duración determinada.
- c) Nos casos de redución de xornada, xubilación parcial ou permisos a tempo parcial poderá contratarse persoal temporal para cubrir a parte da xornada de traballo que non

realice o/a titular do posto, sempre que o/a candidato/a reúna os requisitos legalmente establecidos para formalización deste tipo de contratos.

## **SEGUNDA- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE CAPATAZ DO SERVIZO DE LIMPEZA**

2.1. Entre as funcións a desempeñar polo/a Capataz do Servizo de Limpeza, están:

- Organización do persoal ao seu cargo baixo supervisión de superior xerárquico.
- Responsable de informar ao persoal ao seu cargo da utilización de EPIs e dar parte ao responsable de recursos humanos no caso de non utilización do mesmo polo persoal ao seu cargo.
- Coordinación de traballos de limpeza en centros de titularidade municipal e de competencia municipal.
- Manexo de material, ferramentas e maquinaria necesarios para o desenvolvemento de tarefas propias do posto.
- Colaboración na limpeza de centros de ensino e centros de saúde, especialmente naquelas de características especiais.
- Elaboración de partes de incidencias observadas no servizo coa comunicación ao responsables.
- Control de partes de traballo e organización de turnos, permisos, libranzas e demais incidencias para mellor funcionamento do servizo baixo supervisión de superior xerárquico.
- Comunicación de necesidades de equipamento e material necesario para o persoal ao seu cargo así como responsable de supervisión do seu mantemento e utilización
- Comunicación ao responsable de calquera alteración do servizo segundo procedementos e sistemas definidos.
- Calquera outra función correspondente á súa subescala e propia das súas competencias e atribucións profesionais.

2.2. As retribucións brutas do posto serán as previstas na RPT en vigor (BOP de A Coruña número 242, de 22 de decembro de 2021) para o grupo laboral V (equiparable AP), complemento de destino 18 e complemento específico 9.126,44€ (anualidade completa). O posto conta coa seguinte observación: (D) Disposibilidade.

2.3. A contratación terá carácter laboral temporal de duración determinada, na modalidade de substitución ao abeiro do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

## **TERCEIRA.- SISTEMA DE SELECCIÓN**

O procedemento de selección será o de concurso de méritos, por quenda de promoción interna, podendo participar nesta quenda de promoción interna o persoal laboral fixo do Concello de Arteixo que ocupe praza de limpador/a e tamén aquel persoal laboral temporal en postos de limpador/a do Concello de Arteixo, afectados polos procesos de estabilización previstos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

## **CUARTA.- REQUISITOS DE ACCESO Á CONVOCATORIA**

Os/as aspirantes, tratándose dun concurso de promoción interna, por quenda restrinxida, dirixido ao persoal municipal, deben estar en posesión dunha praza en propiedade de persoal laboral no posto de limpador/a ou de persoal laboral temporal no posto de limpador/a (Grupo laboral V do Convenio de Persoal Laboral do Concello de Arteixo) no Concello de Arteixo, ante a excepcionalidade de terse convocado por estabilización (BOE número 50, de martes 28 de febreiro de 2023) e atoparse en prazo de presentación de instancias as prazas de persoal de limpeza afectadas pola Lei 20/2021, de 28 de decembro, e acreditar posesión de título que posibilite o desempeño do posto de traballo convocado. Dada a condición de persoal municipal, non deberán acreditar documentalmente as condicións de acceso á Función pública, obrantes xa nos seus expedientes do Rexistro de persoal (nacionalidade, idade, incompatibilidade...), coa excepción do **requisito de titulación: Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, ou equivalente.**

#### QUINTA.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

a. As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentándose por sede electrónica, no rexistro xeral do Concello ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias e documentación é **de 5 días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio de convocatoria no BOP, toda vez se teñan publicadas as bases no taboleiro de edictos da Corporación, así como complementariamente na web municipal .

b. A instancia irá inexcusablemente acompañada da seguinte **DOCUMENTACIÓN:**

1. Titulación requirida para o acceso á praza de Capataz do Servizo de Limpeza (ESO ou equivalente)
2. Contrato de persoal laboral fixo do grupo V según Convenio, ou contrato de persoal laboral temporal no Concello de Arteixo
3. Curriculo vitae autobareado segundo o Baremo establecido nas presentes Bases cos Títulos/acreditacións de tódolos méritos profesionais e académicos que se desexen presentar, de conformidade ás presentes Bases.

#### SEXTA.- ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía-Presidencia ditará Resolución á maior brevidade posible, pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos con indicación, se é o caso, dos motivos de exclusión e do prazo para emenda da documentación. No caso de non existires aspirantes excluídos poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao concurso interno.

#### SÉTIMA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

7.1. No Decreto da Alcaldía de aprobación da listaxe provisional, determinarase a composición do tribunal cualificador, con titulares e suplentes, aos efectos dos supostos de abstención/recusación dos membros designados.

7.2. O tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, así como garantindo a competencia técnica, nivel de

titulación e paridade na súa composición, de conformidade ao establecido na Lei de Igualdade do Home e da Muller e estará composto do seguinte xeito:

- Presidente/a: persoal funcionario ou persoal laboral do Concello de Arteixo ou doutra administración local (titular e suplente)
- Secretaria/o, quen actuará con voz e voto: o/a secretario xeral da Corporación ou funcionario da Corporación que lle substitúa (titular e suplente)
- Vogais: tres vogais, sendo funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Arteixo ou doutra administración local (titular e suplente)

Todos os membros do tribunal, titulares e suplentes, deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou se realizasen tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma. No suposto de ser elevada a listaxe provisional a definitiva, os supostos de abstención/recusación poderán realizarse ate o momento de efectivo inicio da fase de concurso.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, sendo preceptiva a asistencia do Presidente e do Secretario, titular ou suplente.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso de méritos en todo o que non estea previsto nas bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O Tribunal poderá dispoñer da incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Asemade, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as ditas circunstancias.

7.3. Na Resolución de aprobación da listaxe definitiva entenderanse resoltas (estimadas/desestimadas) as solicitudes de emenda/subsanación, así como recusación/abstención dos membros da Tribunal cualificador, de ser o caso.

## **OITAVA.- PROCESO SELECTIVO: CONCURSO DE MÉRITOS**

O proceso selectivo efectuarase polo sistema de concurso de méritos. Os méritos a que se fai referencia neste baremo deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data, sendo valorados así mesmo só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

A data e a hora na que deberá constituírse o Tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos municipal e na páxina web do Concello (“selección de persoal”).

A publicación dos resultados obtidos na valoración de méritos, así como os anuncios sobre o presente proceso selectivo, farase exclusivamente no taboleiro de edictos do Concello, e complementariamente na web oficial do concello de Arteixo, no apartado de “selección de persoal”.

O Tribunal valorará a experiencia profesional, a formación académica e a formación complementaria, cun máximo de 100 puntos, segundo o seguinte baremo:

#### **A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 80 puntos**

As puntuacións de ambos dous epígrafes son independentes e non se poderá superar o máximo de 80 puntos do apartado de experiencia profesional (méritos) aínda que se acaden os máximos en cada sub-apartado.

- a) Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas ao servizo dunha Administración Pública nunha praza de Capataz do Servizo de Limpeza, ou equivalente: 0,30 puntos por mes completo de servizos ou fracción superior a 20 días, a xornada completa, ata un máximo de 80 puntos. Os contratos/nomeamentos a xornada parcial puntuaranse proporcionalmente
- b) Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas ó servizo dunha Administración Pública nunha praza de limpador/a: 0,25 puntos por mes completo de servizos ou fracción superior a 20 días, a xornada completa, ata un máximo de 80 puntos. Os contratos/nomeamentos a xornada parcial puntuaranse proporcionalmente
- c) Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas propias do posto de capataz do servizo de limpeza e/ou limpador/a, ao servizo de empresas privadas e/ou entidades con personalidade xurídica propia, ou como autónomo, acreditándose cotización ao réxime especial correspondente: 0,15 puntos por mes completo de servizos ou fracción superior a 20 días, a xornada completa, ata un máximo de 60 puntos. Os contratos/nomeamentos a xornada parcial puntuaranse proporcionalmente

A xustificación deste apartado farase coa presentación de certificado oficial da administración na que prestara os servizos e informe de vida laboral ou co Certificado de vida laboral da Seguridade social xunto con copia de contratos de traballo. Se o tribunal precisa unha aclaración ou matización dalgún extremo do certificado poderá solicitar aos aspirantes que aporten a correspondente documentación complementaria.

#### **B. MÉRITOS ACADÉMICOS: FORMACIÓN: ata un máximo de 20 puntos**

- Por titulación de nivel superior ao requisito de acceso (Educación Secundaria Obrigatoria), ata un máximo de 2 puntos:

Formación profesional de Grao Medio: 1 punto

Formación profesional de Grao Superior e/ou Bacharelato: 2 puntos



- Por cursos e accións formativas directamente relacionados coas funcións propias do posto de capataz do servizo de limpeza impartidos pola Administración Pública, Universidades, SEPE, sindicatos e axentes formadores homologados para impartición de cursos en plans unitarios, de formación continua, ou de formación ocupacional especificamente relacionada: 0,10 puntos por cada 10 horas acumuladas, ata un máximo de 12 puntos
- Consideraranse tamén materias directamente relacionadas coas funcións de limpador/a as referidas a prevención e ergonomía, manipulación de produtos químicos e similares. A formación transversal relativa á igualdade de xénero e análogas será baremada como propia do posto: 0,10 puntos por cada 10 horas acumuladas, ata un máximo de 5 puntos

No suposto de que na acreditación dos cursos non figure o número de horas non serán valorados.

Non serán tidos en conta os módulos formativos, créditos lectivos nin asimilados correspondentes a titulacións oficiais de superior nivel ao convocado

- Lingua galega: serán baremados tamén os cursos de linguaxe galega, segundo o seguinte (unicamente se valorará o título de maior puntuación):
  - Celga IV, perfeccionamento ou titulación equivalente: 0,50 punto
  - Linguaxe administrativa nivel medio ou titulación equivalente: 0,75 punto
  - Linguaxe administrativa nivel superior ou titulación equivalente: 1 punto

## NOVENA.- RELACIÓN DE APROBADOS

9.1. A puntuación final de cada aspirante estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas no concurso de méritos. O Tribunal publicará no taboleiro de edictos e na paxina web do Concello ([www.arteixo.org](http://www.arteixo.org)) o resultado do concurso, ordenando aos aspirantes por orde de puntuación. No caso de producirse empate na puntuación final, a orde na relación farase de acordo cos seguintes criterios de aplicación sucesiva no caso de persistir o empate: maior puntuación no apartado de experiencia profesional como capataz do servizo de limpeza e, a continuación, maior puntuación no apartado cursos de especialización relacionados co posto de cursos e accións formativas directamente relacionados coas funcións propias do posto de capataz. Se persistira o empate a orde establecerase por orde alfabética do primeiro apelido, dando comezo pola letra "V", segundo Resolución da Consellería de Facenda de 26 de xaneiro de 2023.

9.2. As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de selección unha vez o resultado do concurso sexa publicado no taboleiro de edictos e, complementariamente, na web municipal. Aos efectos anteriores, outorgarase un prazo de 2 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

9.3. Unha vez resoltas as alegacións presentadas, o/a aspirante coa maior puntuación será o proposto/a para a contratación, establecéndose unha Bolsa de Emprego, coa creación dunha

lista de substitución segundo a prelación das cualificacións finais dos/as aspirantes, para situacións de baixas, renuncias, vacantes ou similares. O funcionamento desta listaxe estará limitada temporalmente a 3 anos máximo, a contar dende a primeira das contratacións temporais efectuadas.

## **DÉCIMA.- BASE FINAL**

Esta convocatoria e Bases reguladoras e cantos actos administrativos deriven da mesma, así coma as actuacións do Tribunal en interpretación e cumprimento do contido nelas, poderán ser impugnadas polos/as interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común e Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde do proceso selectivo naqueles aspectos previstos ou non, nestas Bases, sendo aplicable para o non previsto na presente convocatoria a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, Real Decreto Lei 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, así como a restante normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

### MODELO DE INSTANCIA

D/D<sup>a</sup> ..... con DNI núm.:.....  
con enderezo.....C.P..... Localidade.....  
e teléfono de contacto ..... e e-mail.....

### EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria do proceso selectivo para a contratación dun/ha

### CAPATAZ DO SERVIZO DE LIMPEZA

e declarando explicitamente coñecer e aceptar as bases reguladoras da convocatoria, cumprindo os requisitos de acceso da base 4<sup>a</sup>

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación: (marcar cun X)

- Titulación de acceso: Educación Secundaria Obrigatoria (copia)
- Contrato de traballo, como persoal laboral fixo ou persoal laboral temporal no Concello de Arteixo
- Currículum autobareado

### SOLICITA:

Sexa admitida esta instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, DNI e sinatura do/a aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámites estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá suponer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142, ARTEIXO (A CORUÑA), aportando copia do seu DNI.

**Ao Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Arteixo**



## Anexo II: Modelo de currículo autobareado

(Encher un currículo autobareado ou modelo idéntico en estrutura, debendo entregar unicamente a documentación acreditativa dos requisitos e méritos segundo as presentes bases)

D/D<sup>a</sup>.....con DNI..... optando á contratación como capataz do servizo de limpeza, achega o presente xunto coa instancia de participación e documentación acreditativa dos méritos alegados.

**AUTOBAREMO** (para autobaremar os seus méritos siga estritamente o establecido no artigo 6 das bases reguladoras e verifique que achega a documentación acreditativa solicitada segundo as mesmas):

### 1. EXPERIENCIA PROFESIONAL (máximo 80 puntos)

Admón // Empresa	Datas	Meses	Grupo cotización	Puntos
Concello de Arteixo- Capataz do servizo de limpeza	01-01-2010 ao 01-03- 2010	2 meses	-	2 x 0,30 = 0,60
Limpezas Arteixo S.L. .	01-07-2015 ao 01-09-2015	2 meses	-	2 x 0,15 = 0,30

( Engada tantas liñas como necesite)

**PUNTUACIÓN APARTADO A (MÁXIMO 80 PUNTOS) ..... puntos**

### B. FORMACIÓN (máximo de 20 puntos)

- Por titulación de nivel superior ao requisito de acceso (Educación Secundaria Obrigatoria), ata un máximo de 2 puntos:

Entidade formadora	Título curso	Nº horas lectivas	Puntos
IES MANUEL MURGUIA	Bacharelato	-	2

( Engada tantas liñas como necesite)

- Por cursos e accións formativas directamente relacionados coas funcións propias do posto de capataz do servizo de limpeza, ata un máximo de 12 puntos

Entidade formadora	Título curso	Nº horas lectivas	Puntos
IES DE SABÓN	“Coordinación de traballos”	60	6

( Engada tantas liñas como necesite)

- Cursos sobre materias directamente relacionadas coas funcións de limpador/a as referidas a prevención e ergonómia, manipulación de produtos químicos e similares, ata un máximo de 5 puntos

Entidade formadora	Título curso	Nº horas lectivas	Puntos
IES DE SABÓN	"Prevención de riscos laborais"	30	3

( Engada tantas liñas como necesite)

- Lingua galega: serán baremados tamén os cursos de linguaxe galega, segundo o seguinte (unicamente se valorará o título de maior puntuación):

Entidade formadora	Título curso	Nº horas lectivas	Puntos
Diputación Coruña	Linguaxe administrativa nivel medio	100	0,75

( Engada tantas liñas como necesite)

**PUNTUACIÓN APARTADO B (MÁXIMO 20 PUNTOS) ..... puntos**

**TOTAL CURRÍCULO AUTOBAREMADO:  
PUNTUACIÓN A+B = ..... puntos**

En ....., día ..... de..... de .....(data/mes/año)

Sinatura do/a aspirante:

En Arteixo, asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez.